

CANTARES DE UNA REVOLUCIÓN

498

[Ramón Lluis Bande, 2018]

ESTREA: 09.03.2019 (con presentación do director) | V.O.

Cantares de una revolución (2018, 79')

Dirección: Ramón Lluis Bande

Guión: Ramón Lluis Bande

Participación: Nacho Vegas, Rafael Fernández Tomás, Benjamín Gutiérrez

Son: Antonio de Benito, Óscar de Ávila

Música: Nacho Vegas

Montaxe: Dani Álvarez

Fotografía: Juan A. García

Productora: De La Piedra Producciones

Distribuidora: De La Piedra Producciones

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Asturiano, español

PREMIOS E FESTIVAIS

Xixón 2018 (Premio Especial do Xurado)

FILMOGRAFÍA

Escoréu, 24 de decembro de 1937, 2017

El nome de los árboles, 2015

Equí y n'otru tiempu, 2014

Llar, 2014 [con Elisa Cepedal]

Sangre, 2010 [curtametraxe]

La carta de Bárbara, 2007

El Paisano. Un retrato colectivo, 2005

De la fuente, 2004 [curtametraxe]

Divina Luz, 2003

Estratexa, 2003 [curtametraxe]

El fulgor, 2002

SINOPSE

Cancións, palabras, lugares. Nacho Vegas percorre algúns dos escenarios máis significativos da insurrección dos obreiros e campesiños asturianos en outubro de 1934, coa música popular como mapa e as palabras de Belarmino Tomás, presidente do Terceiro Comité Revolucionario, como compás.

«Aviva a memoria, as cancións inundan os sentidos, os mineiros desafiante desde o corazón das fotografías»

Jorge Praga, EL CUADERNO DIGITAL



CANTARES DE UNA REVOLUCIÓN

[Ramón Lluis Bande, 2018]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Se non temos un horizonte onde sigamos crendo que o cambio é posible e importante quedáanos vivir nun espazo de resignación cínica”

Entrevista con Ramón Lluis Bande
Por Patandi

Cal é a orixe do filme? Partiu de dúas ideas que acabaron uníndose. Estaba a traballar nun filme sobre Belarmino Tomás, a quen eu considero a persoa máis importante do século XX en Asturias, un político socialista que foi un dos líderes da Revolución de 1934 e a máxima autoridade republicana durante a guerra, e á vez estaba a preparar con Nacho algo para achegarnos á historia de Asturias a través da música popular; a pegada que determinados momentos históricos deixaron na música popular. E chegou o momento en que as dúas ideas se concretaron nunha. Desenvolvín unha parte do guión sobre Belarmino Tomás, a que tiña que ver coa Revolución, e escollemos oito cancións populares sobre ela, para entre testemuños persoais de Belarmino e esa colección de cancións, tentar un achegamento á Revolución do 34.

Combinas no filme a música e a palabra, tan necesarias na nosa sociedade. Si. O filme reivindica as dúas cousas. Ademais do papel protagonista das cancións, quería facer un filme onde se lese. Pareceume moi cinematográfico atopar a maneira de filmar a lectura e construír un diálogo entre o que se escoita e o que se ve. E que da suma desas dúas imaxes, a sonora e a visual, nacesse unha terceira que era a que o filme propuña.

Como ves desde o punto de vista dun cidadán de a pé eses sucesos que narras en Cantares? A Revolución do 34 paréceme algo que hai que reivindicar e que a esquerda non se atrevía a reivindicar desde a Transición. Para min, en Asturias ten un valor fundamental, case fundacional, das clases sociais como suxeito político, e deberíamos ter un recordo da nosa propia historia, como clase, para que non nos pasen as cousas que nos están pasando agora. Que non vexamos con terror como cada vez máis os tempos actuais lembran aos anos 30 do século pasado. Isto pasa en procesos onde se xera unha clase política desde o poder que deixou sen defensa ás clases populares. E vemos un contraataque brutal da extrema dereita, da sociedade neoliberal ás clases populares, e non temos autodefensa. Se coñecésemos a nosa historia seríamos capaces de responder a estes ataques. Como dicía Marguerite Duras, hai que crer na utopía, e a Revolución do 34 foino, porque é o único que pode facer avanzar máis as ideas da esquerda. Se non temos un horizonte máximo onde aínda

sigamos crendo que o cambio é posible e importante quedáanos vivir nun espazo de resignación cínica á que nos leva o mercado.

O filme ofrece un desexo de lembrar aqueles sucesos do 34, pero tamén de reivindicar a figura daquelas persoas que o deron todo polas súas ideas.

Si. Sempre digo que, máis que unha reivindicación, é unha celebración da Revolución. A música é moi importante porque ten un carácter celebrativo e isto fai que o conxunto teña este sentido de celebración, mesmo cun punto festivo, o que dá a música popular. E doutra banda está a reivindicación deses momentos e persoas que seguen presentes como algo noso. Unha das secuencias que máis me gustan é a dos herdeiros da Revolución, na que se recolle unha colección de retratos de persoas moi importantes da esquerda asturiana no século XX. Nesa secuencia facemos un repaso pola historia da loita obreira ao longo do século XX, empezando no 34. Entre os retratados hai xente que estivo na guerrilla antifranquista, que participou nas folgas posteriores, e iso tráenos até a Transición e ao presente, até os nosos días.

Publicado en gatropolis.com
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Las habitaciones vacías, Ramón Lluis Bande.
Caballo de Troya, 2010

Cuaderno del paisaje, Ramón Lluis Bande.
Shangrila, 2016

Equí y n'otru tiempo, Ramón Lluis Bande
De La Piedra Producciones [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faiete NUMAX!
Abónate agora e ven sempre por